

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de outubro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas vinte minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de outubro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Marta Diéguez Ledo

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de setembro de 2023 (RE-E núm. 547), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARTA DIÉGUEZ LEDO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BAGARELAS, PARROQUIA DE VILELA
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	EXECUCIÓN DE SOLEIRA DE FORMIGÓN
LUGAR	BAGARELAS
PARROQUIA	VILELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A033060020000PJ
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	NON (memoria de obra menor asinada pola solicitante en data 21/09/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	5.212,45 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/10/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO CATRO EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (104,24 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE SEGUNDA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don Luís Mario Quintá García, na representación da sociedade GANDEIRÍA CASA LAMEIRO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, solicita con data 29 de setembro de 2023 (RE-E núm. 557) unha segunda prórroga do prazo para o inicio das obras de INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2022, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Con data 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local concedeu á solicitante unha prórroga de seis meses, que rematou o día 18 de outubro do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 23/10/23, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: “Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha segunda prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 18 de abril de 2024.

4.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

ANTECEDENTES

1º.- Dona María Elena Somoza Calviño, na representación que acredita no presente expediente de Dona MARÍA ISABEL SAA PAZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 22 de setembro de 2023 (RE-E núm. 543) unha primeira prórroga do prazo de execución de OBRAS MENORES EN EDIFICIO, con emprazamento no lugar da Gaiola, parroquia de Rodeiro.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 7 de xullo de 2023, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 5 de xullo de 2023, cun prazo de execución de tres meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 26/10/23, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha prórroga dun mes e medio para a execución das obras, que rematará o día 20 de novembro de 2023.

5.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico básico e de execución da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, en data 27/10/23, cun importe de execución por contrata de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.308,65 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 26/10/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DAS ANTAS, CASTUGARES, BARREGALLOS, MARIÑAOS, BAGARELAS E ESPASANTE”, INCLUÍDA NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “*Mellora de eficiencia enerxética nos lugares das Antas, Castugares, Barregallos, Mariñaos, Bagarelas e Espasante*”, incluída no Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2023, por importe de VINTE E SEIS MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (26.319,02 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona María del Pilar Pardo Pérez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista FELIPE LÓPEZ CORRAL por un importe de 26.319,02 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 847, de data 25/10/23, estendida polo contratista adxudicatario polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 24 de outubro de 2023, na que se fai constar que *“as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes e modificacións recollidos no informe final de obra”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 24/10/23.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE A INSTALACIÓN DE PANEIS FOTOVOLTAICOS NO DEPÓSITO DE AUGA NO CRUCEIRO DE AREOSA”, INCLUÍDA NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de *“Mellora de eficiencia enerxética mediante a instalación de paneis fotovoltaicos no depósito de auga no cruceiro de Areosa”*, incluída no Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2023, por importe de VINTE MIL CINCOCENTOS TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (20.503,06 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona María del Pilar Pardo Pérez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista MARCOS GARCÍA VILLANUEVA por un importe de 20.503,06 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 96, de data 27/10/23, estendida polo contratista adxudicatario polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 30 de outubro de 2023, na que se fai constar que *“as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

8.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON CARGO Á LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2023

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 16/06/23, por importe de 50.314,36 €, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27/01/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 50.314,36 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI/CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
FELIPE LÓPEZ CORRAL	████████	847	25/10/2023	30/10/2023	26.319,02 €
MARCOS GARCÍA VILLANUEVA	████████	96	27/10/2023	30/10/2023	20.503,06 €
PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L.	████████	23/004/IND	13/03/2023	24/03/2023	861,47 €
PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L.	████████	23/005/IND	13/03/2023	24/03/2023	884,67 €
PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L.	████████	23/025/IND	24/10/2023	30/10/2023	884,67 €
PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L.	████████	23/026/IND	27/10/2023	30/10/2023	861,47 €

- Cántidade xustificada: 50.314,36 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

9.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA O EQUIPAMENTO E A MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Cultura por Resolución de data 08/06/23, por importe de 1.140,01 €, ao abeiro da Orde do 12 de xaneiro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación

Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 24, do 03/02/23) – Expediente núm. CT211B-2023-0110, procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 1.140,01 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L.	████████	23220	16/10/2023	17/10/2023	2.762,50 €

- Cantidade xustificada: 2.762,50 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Cultura, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

10.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN POR COBRO INDEBIDO

VISTO o escrito que deseguido se sinala, polo que solicita a devolución do abonado indebidamente nos conceptos de Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e de Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, por mor da diminución do orzamento certificado no fin de obra (367.431,60 €), respecto do orzamento base para a concesión da licenza urbanística (376.053,79 €). A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, reintegrar a favor da solicitante as cantidades reclamadas, en concepto de devolución por cobro indebido:

SOLICITANTE	CIF	DATA	REXISTRO ENTRADA	CONCEPTO	IMPORTE A REINTEGRAR
GANDEIRÍA BERNÁRDEZ-VILAR S.C.	████████	29/09/23	RE-E-559	ICIO	172,44 €
GANDEIRÍA BERNÁRDEZ-VILAR S.C.	████████	29/09/23	RE-E-559	TAXA LICENZA	43,11 €

11.- CONCESIÓN DA CUARTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 16 de marzo do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OTOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 23/02/23. Con data 26 de maio do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 878, do 30/05/23).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, con data 24/10/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a cuarta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor do veciño que deseguido se relaciona e coa contía e destino que se especifican:

Gasto de investimento

BENEFICIARIO	DNI	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████	████████	Baroncelle – Carboentes	165,40 €	Adquisición de electrodomésticos básicos (estufa de gas)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2023. O beneficiario deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2024. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

12.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SANTA BAIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Dona Vanesa Pérez Presas, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Loureiro, parroquia de Santa Baia de Camba (RE núm. 1745, do 26/10/23) polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de Santa Baia de Camba, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 26 e 27 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA77U0001084, TA77U0001101 e TA77U0001102 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 47,87 € E 89,43 €
Por autoliquidacións de taxas de Augas de Galicia en concepto de autorizacións no dominio público hidráulico, s/cargos.

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 61,91 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361323FC0007350.
- PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L. 884,67 € E 861,47 €
Honorarios por dirección facultativa de obras incluídas no Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2023 – concurrencia non competitiva, s/facturas núm. 23/025/IND e 23/026/IND.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 242,00 €
Honorarios por redacción do Plan de Seguridade e Saúde (PSS) de obra incluída no Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2023 – concurrencia non competitiva, s/factura núm. 013/2023.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 1.054,07 € E 533,99 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concurrencia, nos meses de agosto e setembro de 2023, s/facturas núm. A/91 e A/99 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 2.569,96 € E 1.694,38 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de agosto e setembro de 2023, s/facturas núm. A/92 e A/100 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de setembro de 2023, s/factura núm. 23ZNX0204526 (FACe).
- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 83,71 €
Por subministro de diverso material para o programa “O espertador”, s/factura núm. 20230A001025.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.290,94 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de setembro de 2023, s/factura núm. FA – 13066.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.947,69 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de setembro de 2023, s/factura núm. 2023/2663 (FACe).
- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 473,00 € E 440,00 €
Por desprazamento dos participantes nos programas de conciliación do verán, s/facturas núm. MEI2023A08-0036 e MEI2023A08-0040.
- ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL BANDA ARTÍSTICA DE MERZA 2.100,00 €
Por actuación musical nas festas patronais de San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 202313 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)